

## ACTIVIDADES PARA REALIZAR CO CONTO A TENDA DE ROBOTS

### Contido; que podes; traballar con estas; actividades;

Área **Linguaxes: Comunicación e representación**. Bloque 1, 3 e 4.

Área **Coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal**. Bloque 2.

Área **Coñecemento da contorna**. Bloque 3.

## FICHA DE LECTURA A TENDA DE ROBOTS

### Nece;itaremos;

Conto e póster *A tenda de Robots*.

### De;envolvemento

- Ler o conto utilizando o poster coas ilustracións impresas como apoio.
- Visionar o vídeo de Robi bailando para que poidan coñecer ao protagonista da historia e ver que se trata dun robot real.
- Unha vez finalizada a lectura, comprobar que comprenderon o contido do conto e resolver todas as dúbidas que teñan.
- Reflexionar en gran grupo a partir de preguntas como:
  - Como son as pezas coas que construíron a Robi?
  - Que sabe facer Robi? Que é o que máis lle gusta?
  - Por que nunca elixen a Robi para estar no escaparate da tenda?
  - Por que cre Robi que el tamén ten dereito a estar no escaparate?
  - Parcévos xusto que non lle dean a oportunidade de estar no escaparate para que lle poidan comprar igual que ao resto de robots?
  - Que plan pon en marcha Robi para demostrar o que vale e defender que todos e todas debemos ter as mesmas oportunidades?



## A TENDA DE ROBOTS

Ola! Chámome Robi e vouvos a contar como me convertín no robot máis popular da tenda.

Unha tarde, que a mecánica estaba aburrída, construíume utilizando as pezas que lle sobraron ao montar outros robots.

Cada peza era diferente e leste foi o resultado...

Este son eu!

As miñas pezas non son perfectas, pero todas funcionan e podo facer cheas de cousas! O que máis me gusta é contar historias e bailar.

No almacén, a música sempre está a soar mentres traballan os mecánicos, así que me paso o día ensaiando os meus pasos favoritos.

Cada mes, o escaparate da tenda cámbiase e todos os robots

queremos ser os elixidos para estar alí. Pero a min nunca me

escollen, din que estou feito con retrincos que un robot como eu ninguén o compraría.

Iso non é verdade e é inxusto que eu non teña as mesmas oportunidades de ser elixido que o resto de robots. Por iso pensei un plan para demostrar o que vallo.

O primeiro que fixen foi coarme nunha das caixas que levan á tenda.

Esperei e esperei. Todo estaba en silencio... dei un salto e saín!

Fun ao escaparate e cando me viron o resto de robots non podían crelo!

Eu expliqueilles que todos e todas somos iguais e merecemos ter as mesmas oportunidades. Seguro que había moitos nenos e nenas aos que lles gustaban os robots diferentes como eu.

Non pareceu sentarlles moi ben, pero, ao final, deixáronme un oco na esquina do escaparate. Case non se me vía, pero xa me encargaría eu de captar a atención!

Ás dez en punto as portas da tenda abríronse, entón contei ata tres e puxen en marcha a música que tiña programada.

Empecei a bailar e, ao pouco tempo, unha chea de xente estaba parada fronte ao escaparate vendo como me movía.

Os dependentes estaban tan ocupados ordenando os andeis da tenda que non se decataron de nada, pero moitos clientes entraron preguntando polo prezo do robot bailarín.

-“O robot bailarín? Non temos ningún robot que baile”, dicían. Entón, cando sinalaron ao escaparate, descubriron o que estaba a pasar.

Nese momento, déronse conta que se equivocaron.

Non me quixeron por ser diferente e non me trataron igual que o resto de robots, pero moita xente quería comprarme!

Desde ese día todas as pezas soltas do taller utilízanse para construír robots.

Agora somos un dos modelos máis vendidos da tenda!



Pero o máis importante...

**... aprendemos que todos e todas somos iguais e debemos ter as mesmas oportunidades.**

## CONSTRUÍMOS O NOSO ROBI

### Necesitaremos

Materiais para reciclar: pezas de cartón, cartolinas, tapóns de plástico, etc.

Pinturas de cores.

### Desenvolvemento

- Utilizando materiais para reciclar (cartón, cartolinas...), construiremos un robot. Cada neno e nena coloreará e decorará unha peza de cartón e despois xuntarémolas para construír o noso propio Robi da maneira que decidamos que nos gusta máis.
- Pensar un nome entre toda a clase e colocar o robot nun lugar visible da aula.

Hai que reflexionar:

- O noso robot está formado por pezas nas que colaboramos todos/as, cada un/unha achegou algo e iso fai que o noso robot sexa especial:
  - Gustounos construír este robot entre todos/as? Por que?
  - Que dicían de Robi no conto por estar construído con pezas que sobran despois de fabricar outros robots?
- Agora que construímos ao noso robot con moito esforzo...
  - Que nos parecería se dixesen que é peor que outros robots porque as súas pezas son diferentes?
  - Ser diferentes é un valor e se facemos algo xuntos/as o resultado será mellor porque cada un/para haberá achegado algo distinto.
- Desenvolvemos a nosa creatividade, entre todos/as é máis fácil que se nos ocorran ideas chulas que se pensa só unha persoa.
- Construímos o noso robot con materiais reciclados, reflexionar sobre a importancia da reciclaxe para o coidado do medio ambiente e o que significa o dar unha segunda oportunidade a eses obxectos, igual que ocorreu no conto coas pezas coas que construíron a Robi.



## BAILAMOS TODOS/AS?

### Neceçitaremos

Música.

Na seguinte [ligazón](#) podedes atopar unha serie de coreografías infantís que vos servirán de apoio á hora de poñer en práctica a actividade.

### Deçenvolvemento

- Dedicar cada día un intre á coreografía, motivar e apoiar especialmente a quen teña maiores dificultades.
- Valorar en todos os momentos do proceso, o esforzo que están a facer para aprender o baile e lembrar que se trata dun traballo en equipo.
- Marcar unha data para mostrar o traballo realizado e lembrar os días que nos quedan para que chegue. Poden bailar a coreografía para outras clases do Centro ou gravarlles en vídeo, para que lles poidan ver as súas familias e amigos/as.
- O día previo a esa data, no último ensaio levaremos a cabo a actividade:
  - Comentar que, ao día seguinte, a coreografía só a poderán bailar os nenos, as nenas non poderán facelo. Preguntar ás nenas como senten, preguntar aos nenos que lles parece, se lles parece xusto.
  - Nunha segunda rolda comentar que só os nenos con lentes, por exemplo, poderán bailar, o resto non poderán facelo. Volver preguntar que lles parece e como senten os excluídos.
- Para terminar, reflexionar en gran grupo a través de preguntas como:
  - Como vos sentistes as nenas a primeira vez, cando vos dixeron que non podíades bailar, aínda que vos saibades a coreografía igual de ben que os vosos compañeiros?
  - Comentar algún exemplo que nos pareza adecuado e que poidan entender, no que as nenas sexan discriminadas. Ex. En moitos países, as persoas non teñen auga nas súas casas e son as nenas e non os nenos, as que se teñen que encargar de ir ao pozo para busca cada día, isto fai que non poidan ir á escola. Ademais, teñen que encargarse de todas as tarefas da casa e de coidar aos seus irmáns pequenos, mentres os mozos están en clase. Parécevos xusto?
  - A segunda vez, como vos sentistes o resto cando vos dixeron que non podíades bailar por non ser mozos ou non levar lentes?
  - Como sentides quen non bailastes ningunha das dúas veces?



- Parcévos xusto quedarvos sen bailar despois de facer o esforzo de aprendervos a coreografía igual que os/as demais?
- Lembrar o que lle sucede a Robi no conto para completar a reflexión: isto mesmo é o que lle pasa a Robi, el é un robot igual que os demais, é moi simpático e sabe facer unha chea de cousas, pero só porque as súas pezas son diferentes non ten as mesmas oportunidades.
- Finalizar a actividade bailando xuntos/as para demostrar que todos e todas aprendemos o baile e debemos ter as mesmas oportunidades de ensinar o noso traballo aos/ás demais para que valoren o esforzo que fixemos.

## Ideas para construir un robot

